

Resposta a X. R. Barreiro

Castelao cristián

Por VICTORINO PEREZ PRIETO

Acabo de ler na prensa a crónica dunha das xornadas do congreso sobre Castelao, concretamente, a referente á ponencia de Barreiro Fernández. E deixóme sorprendido o que lín, como coñecedor da faceta relixiosa de Castelao (precisamente no mesmo xornal Chao Rego fai referencia a un traballo meu sobre o tema, publicado recentemente, no número 47 de «Encrucillada»). Non sei se a crónica reflexa con exactitude o que dixo o devandito historiador, pois sentíndoo ben non teño ocasión de asistir a este interesante congreso; pero de ser certo o alí escrito («Voz de Galicia», 27 novembro.), non podo resistirme a coller a pluma e escribir de corrido unhas liñas. A miña tese é clara, coido que non é certo que o Castelao «practicante acérrimo» de mozo, deixara a fe cristiá ata «romper definitivamente» con ela na súa madurez.

En primeiro lugar, paréceme pretencioso de mais crer coñecer a «liña nítida da traxectoria» de Daniel neste aspecto. Pero aínda me parece mais desacertado afirmar que esa liña foi «un progresivo despoamento e poda» que tirara «coas esencia» desa fe. É certo que Castelao foi moi crítico cunha Igrexa involucionista e pouco galega, ata chegar ás duras críticas de «Sempre en Galiza»; pero non é unha crítica de quen renega da súa fe, senón de quen lle bota en cara a esa Igrexa o non ter sido fiel á mensaxe do seu fundador, pois «esqueceu a súa misión divina» (páxina 102 da edición de Akal en 1976).

No seu «Diario» de 1921, Castelao ten manifestacións inequivocamente relixiosas, chegando mesmo a facer oración, cousa que non se fai certamente mais que por razóns de fe. Alí escribe cousas como esta, en París: «Eu ¿por qué non dicilo si é verdade?, vou a Notre Dame ¿por qué? Pois porque me da gusto estar na igrexa á beira da xente que teña fe de verdade... Pedínlle a Deus...» (páxina 55, Galaxia 1977). Ou o que escribe en Colonia, tamén na catedral: «Alí, nun curruncho... recei pola saúde de tódolos meus e tamén polo triunfo das ideas catedrais» (páxina 241). E aínda chega a afirmar: «Hoxe compre pertencer ó fato de homes que traballan polo despertar do sentimento relixioso» (páxina 304).

Pode alegarse que o «Diario» foi un feito pasaxeiro, que logo todo cambiou, pero o certo é que nunha carta ó seu amigo Otero Pedrayo en 1935, conta que na súa viaxe dese ano por Francia e Bélxica, acompañado da súa dona Virxinia, foi a Misa e comulgou. E se é que o señor Barreiro parécelle que daquela Daniel aínda no rompera definitivamente coa fe, direille que, según conta o Dr. Pastor, que o atendeu nos derradeiros momentos da súa vida, Castelao falaba a cotío de relixión (concretamente da Paixón de Cristo) e rezaba a mais fermosa das oracións dos cristiáns, o «Nosso Pai». Desgraciadamente non teño moito mais do seu exilio.

Por outra banda, isto tamén queda reflexado na súa obra; non so nos enternecedores relatos de «Cousas» (como o do pino que alcendeu as súas «veliñas» ó paso do viático), ou en moitos debuxos de «Cousas da vida» (nos que aparece Cristo reflexado con sumo agarimo), senón mesmo en «Sempre en Galiza», onde clama por unha relixión «que nos dea azos para ascendermos e achegármolos a Deus» (páxina 224), pois a Igrexa que coñece traicionara ó pobo galego que el tanto amaba.

Si, sen a mais mínima pretensión de barrer para o propio muiño, coido que Castelao foi un «crente galego», como escribín noutro lugar, anque non fora demasiado practicante; pero de ningunha maneira un descreído, e moito menos anticlerical do que unha interpretación simplista dalgún dos seus debuxos puidera parecer. E disto debora tomar boa nota certa intelectualidade galega, como decía Pepe Chao no artigo citado, que ten por anacrónico falar de Deus e que, desde un pretendido progresismo ou liberalismo, mantén un anticlericalismo miope, pois os plantexamentos dos cristiáns evolucionaron desde os tempos da República ata hoxe.